

Para o alumnado da ESO



El síndrome de Bergerac

Pablo Gutiérrez. Ed. Edebé. 2021

Non había nada novelesco en min, nada heroico, por iso esta historia non irá de meus pais nin dos meus colegas nin dos meus namorados; non irá da rutina dunha estudante... Esta historia ten un só protagonista: un nariz célebre, desproporcionado. O nariz dun heroe

nacido en Bergerac e de nome Cyrano.

Non cantan paxaros neste bosque

Carlos Negro. Ed. Xerais. 2021

Colle unha manta, prende unha luz suave, ponte a gusto... É a hora de experimentar o pracer nada culpable do medo. Porque neste bosque de relatos os paxaros non cantan. E o misterio segue aí, a agardar por nós, como unha pantasma familiar, como un desasosego que nos leva de viaxe ao territorio do alén.



Emilia Pardo Bazán. Unha mente poderosa

María Canosa e Bea Gregores. Ed. Bulubú. 2021

Biografía ilustrada sobre a figura poliédrica de Emilia Pardo Bazán a través de momentos da súa vida. Sorprenderanos a nena curiosa e gran lectora, a muller namorada e independente e a autora de carácter, rebelde ante o rol que se esperaba dunha dama nunha contorna social privilexiada.

Sin identidad

Rae Mariz. Ed. CESMA - SM. 2013

O Xogo dáns a liberdade que non temos na rúa. Se a cambio as empresas nos observan para facer estudos de mercado, a quen lle importa? Entón, por que apareceu no instituto un grupo que se opón ao Xogo? Quen son? Que queren conseguir? O único que sei deles é o nome: os Sen Identidade.



Para alumnado de Bacharelato



La noche de plata

Elia Barceló. Rocaeditorial, 2020

Trama policial situada no mundo do cotián. Unha nena desaparece nun mercadoño de Nadal...

Rey Blanco

Juan Gómez Jurado. Ediciones B, 2020

Último libro dunha triloxía que comezou con Reina Roja. O inspector Jon Gutiérrez é secuestrado sen que Scott poida evitalo. Carreira contra o tempo para resolver unha serie de asasinatos...



Un amor

Sara Mesa. Anagrama, 2020

A historia ocorre nun pequeno núcleo rural onde unha moza e inexperta tradutora acaba de mudarse. Axiña comezan os conflitos na casa alugada...

Deixe a súa mensaxe despois do sinal

Arantza Portabales. Galaxia, 2017

Un mollo de voces que deixan mensaxes nun contestador. Historias de moitas almas que imos construíndo a medida que escoitamos o que se deixa nun aparello frío que, con todo, está cheo de vida...




Darío a diario e Intempériome

Xela Arias. Xerais, 2021

O primeiro título ofrece unha poesía de desidealizada pero entrañable de maternidade. A do segundo libro examina sincera e libremente a existencia, o amor e a morte.

REDE DE BIBLIOTECAS ESCOLARES DOS CENTROS PÚBLICOS DE AMES



GUÍA DE VERÁN 2021

www.biblioceipamaia.blogspot.com
www.coapalabranaboca.blogspot.com.es/
www.agrobiblio.blogspot.com.es
www.bibliocarlosniето.blogspot.com.es/
www.iesmilladoirobiblioteca.blogspot.com.es/
<http://www.bibliobarouta.blogspot.com>
axaneladeventin.blogspot.com
eei.covas@edu.xunta.es
eei.igreja.ames@edu.xunta.es

Máis guías en:

www.edu.xunta.es/biblioteca/blog

Primeiros lectores



A dragoa á que non lle gustaba o lume

Gemma Merino. Picarona Editorial 2021


A todos os bos dragóns lles gusta voar e escupir lume. Pero NON lles gusta a auga. Que debería facer unha dragonciña que descobre que

pode nadar como un peixe... e LLE ENCANTA?

Zog y los doctores voladores

Julia Donaldson/Axel Scheffler. Editorial Bruño. 2021

A princesa Aleli e o cabaleiro Xurxo son os doutores voadores. Voan a cabalo do dragón Zog para axudar en todo o que se precise...



¡Corre, corre!


Magdalena Isabel Maroger. Picarona Editorial. 2019

Imos, esperta! Corre, corre, sae da cama! .Veña, vístete axiña!... A miúdo, vivimos entregados ás presas, imos correndo dun lado para outro.

A estraña visita

Gracia Iglesias/Vicente Cruz Editorial Bululú. 2021

"Unha velliña que soa estaba sempre desexaba ter compañía..." Así comeza este divertido conto rimado, no medio do bosque e cun monstro ás portas.



De 7 a 9 anos



O Camiño

Marisa Núñez. Mariona Cabassa. OQO Editora. 2021

Coma se do camiño da nosa vida se tratase, este álbum traza o carreiro polo que transitamos. Sempre

habrá quen vai por diante; outros seguirán as nosas pegadas; habrá momentos de encontros, tamén de despedidas...

Anna Kadabra 6. Pasteles peligrosos

Pedro Mañas. Editorial: Destino Infantil e Juvenil. 2021

Por desgraza, a Anna atragoúselles a sinatura de Cociña Máxica. Ningún prato lle sae ben! Se cadra os seus amigos pódennlle axudar a preparar uns ricos e asombrosos pasteliños.



O rapaz do vestido

David Walliams. Edit. Sushi Books. 2018

Dennis vive nunha casa aburrida, nunha rúa aburrida, nunha cidade aburrida, e non ten grandes aspiracións. Pero o que si ten son soños, e cando comeza a seguiolos, as cousas non volverán a ser iguais.

Enola Holmes y el misterio de la doble desaparición

Nancy Springer. Edit. Bruguera. 2021
Cando Enola Holmes, irmá pequena do soado detective Sherlock Holmes, descobre que a súa nai desapareceu, presente que só ela poderá atopala.




De 9 a 12 anos

A cazadora de estrelas

María Canosa. Dani Padrón. Ed. Xerais. 2017

Magumi era unha das mellores cazadoras de estrelas da súa comunidade. Ao lombo da súa egua Turrón galopaban baixo o ceo estrelado.



A folla azul

Andrea Maceras/ Sonia García Ed. Xerais. 2020

A Amazonía é un mundo verde e único. Tamén é o fogar de tribos indíxenas. Algunhas, como a miña, decidiron permanecer voluntariamente ocultas no corazón da selva.

Siete reporteros y un periódico. Pilar Lozano Carbayo. Ed. SM. 2016. (Tamén en versión lectura fácil)

Alexandro quere dirixir o periódico da súa escola, pero non ten reporteiros, nin cartos, nin sabe moi ben cales son as súas funcións coma director... Logrará poñelo en marcha?



Las brujas. Roald Dahl. Wardner Bros. 2020

Adaptación cinematográfica da novela de Roald Dahl, traducida ao galego por Xela Arias, escritora homenaxeada este ano no Día das Letras Galegas.